

STEPHEN CRANE

O monstro

Traducido por Iago Nicolás Ballesteros



Hugin e Munin

I

Nese momento, o pequeno Jim era a locomotora número 36 e realizaba o traxecto entre Syracuse e Rochester. Levaba catorce minutos de atraso e a válvula reguladora estaba aberta de todo. En consecuencia, cando virou na curva do macizo de flores, unha das rodas da carreta esmagou unha peonia. A número 36 freou de inmediato e mirou con aire culpable para o seu pai, que estaba a cortar o céspede. O doutor encontrábase de costas ao accidente e continuou de aquí para alí con paso vagaroso, empurrando a cortadora.

Jim soltou as agarradoiras da carreta. Mirou para o pai e mais para a flor estragada. Decidiu achegarse á peonia e tentar erguela, resucitala, pero o talo desgraciárase e pendía con langor na súa man. Nada podía facer por arraxala. Ollou o pai máis unha vez.

Dirixiuse cara ao céspede, moi amodo, patexando a herba con gran pesar. Axiña chegou onda o seu proxenitor, que termaba da máquina a zunir namentres as frozas de herba acabadas de cortar daban voltas nas coitelas.

—Papá! —borboriñou Jim.

O doutor segaba o céspede coma quen rasura a barbadela dun cura. Traballara nel toda a temporada, nas

frescas e tranquilas tardiñas que seguen á cea. Mesmo á sombra das cerdeiras, a herba medraba vizosa.

—Papá! —dixo, alzando un pouco máis a voz.

O doutor detívose, e posto que o estrondo da máquina xa non perturbaba os sentidos, ouvíronse os cantos dos paporrubios que departían nas cerdeiras. Jim acomodara as mans detrás das costas, e ía entrelazando e separando os dedos a cada pouco.

—Papá! —exclamou de novo, abaixando o húmido e rosado beizo inferior.

O doutor fitou o fillo ao tempo que reclinaba a cabeza cara a adiante e engurraba o cello con atención.

—Que foi, Jimmie?

—Papá! —repetiu o pequeno logo dun anaco. A seguir levantou o dedo e sinalou o macizo—: Alí!

—O que? —preguntou o doutor, co cello aínda máis engurrado—. Que pasa, Jim?

O neno, tras un silencio durante o cal quizais sufriu unha forte conturbación, levantou o dedo e repetiu a última palabra: «Alí».

O pai respectara o silencio con impecable cortesía. Logo seguiu atento coa mirada a dirección indicada polo dedo do fillo, mais non enxergou ningunha explicación plausible.

—Non entendo que queres dicir, Jimmie —declarou.

Semellaba que a relevancia do feito enmudecera o rapaz. Só era quen de repetir «Alí» unha e outra vez.

O doutor cavilou sobre a situación, sen dar sacado nada en limpo.

—Veña, amósamo —apuntou por fin.

Cruzaron xuntos polo céspede cara ao macizo. A uns poucos centos de metros da peonia derramada, o cativo botou a correr.

